



NOTA DE PRENSA DO 7.10.09

COLECTIVO VECIÑAL E A APDR PRESENTAN A PROPOSTA PROTECCIONISTA DE ORDENANZA MUNICIPAL DE ANTENAS DE TELEFONÍA MÓBIL PARA O CONCELLO DE VILABOA (PONTEVEDRA):

VENRES 9 DE OUTUBRO/2009 ÁS 20,30h

NO CENTRO CULTURAL RIOMAIOR DE VILABOA

O Colectivo veciñal de persoas afectadas pola contaminación electromagnética de Bértola (Vilaboa) e Esculca (Salcedo-Pontevedra) e a Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) convocan un acto informativo no Centro Cultural Riomaior de Vilaboa (Pontevedra) o vindeiro venres 9 de outubro ás 20,30h, para informar da súa proposta de ordenanza municipal de antenas de telefonía móbil que presentaron ao Concello de Vilaboa.

Dita proposta se fai en base á petición e compromiso do Concello de Vilaboa, a traveso do seu 1º tenente de alcalde, de aprobar unha normativa neste ano 2009 que regule este tipo de instalacións para conciliar un bo servizo de telecomunicación coa saúde e a protección medioambiental.

Ante o despregamento caótico (e ilegal) destas instalacións, o vindeiro venres 9 se presentará unha proposta de ordenanza, baseada no principio de cautela, que parte da potestade inspectora e reguladora do Concello de Vilaboa, para recoller, dende o seu ámbito de competencias, o marco proteccionista proposto polas recentes [Resolucións do Parlamento Europeo](#) e da [Declaración da Axencia Europea de Medio Ambiente](#). Ditas resolucións e declaración parten de que ás emisións electromagnéticas “**poden producir efectos adversos para a saúde humana**” e chaman a reducir os limites de exposición actuais na lexislación estatal española por ser “**obsoletos para protexer a saúde da poboación**” (especialmente dos grupos máis vulnerábeis).

- Entre os puntos craves que intenta garantir esta proposta de ordenanza:

- Compatibilizar saúde e protección medio ambiental coa calidade e a cobertura da comunicación
- Protección dos grupos/espazos sensíbeis (bebés, mocidade, embarazadas, enfermos, anciáns, electrosensíbeis)
- Control dos niveis de exposición á contaminación electromagnética en tempo real con acceso público por internet
- Participación cidadán a traveso dunha [Comisión de Telecomunicacións](#),
- Aplicación da avaliación de incidencia ambiental: como actividade “perigosa” en base a aplicación do artigo 13 da lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia tal e como lembra o Valedor do Pobo.

Con este acto os convocantes do acto informativo inician unha primeira fase de contactos con colectivos sociais e veciñanza de Vilaboa.